

2018 - CURSO DE ACTUALIZACIÓN SOBRE INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA EN ADICCIÓNS

ENTIDADES PROMOTORAS

Unidade Asistencial de Drogodependencias CEDRO. Plan Local de Drogodependencias e outras Adicións (PLDA). Concello de Vigo.

COLABORACIÓN

Servizo de Psiquiatría. EOXI de Vigo. Sergas. Consellería de Sanidade
Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur (IISGS)

DESTINATARIOS/AS

Profesionais da saúde mental que desempeñen actividade asistencial de adicións en entidades adheridas ao PLDA de Vigo e outros dispositivos asistenciais de titularidade pública.
Preferentemente, psicólogos/as, psiquiatras e especialista en formación da área sanitaria de Vigo.

PROGRAMA

SESIÓN 1 – Psicopatoloxía do pensamento

Data: 09/05/18 - Horario: 09:00 – 11:00 e 11:30 – 13:30
Lugar: Centro Municipal de Servizos Sociais de Coia, sala multiusos. Rúa Quintela nº 31, Vigo
Docente: José María Villagrán Moreno

SESIÓN 2 – Trastornos da personalidade: estratexias específicas na relación terapéutica

Data: 19/06/18 - Horario: 09:00 – 11:00 e 11:30 – 13:30
Lugar: Aula de docencia nº 5, Hospital Álvaro Cunqueiro, Vigo
Docentes: Dolores Mosquera Barral y José Ignacio Vázquez Rodríguez

SESIÓN 3 – Fracaso terapéutico

Data: 05/07/18 - Horario: 09:00 – 11:00 e 11:30 – 13:30
Lugar: Aula de docencia – Psiquiatría. Hospital Nicolás Peña.
Docente: José María Villagrán Moreno

SESIÓN 4 – Ferramentas de avaliación en TLP e estratexias de intervención

Data: 25/09/18 - Horario: 09:00 – 11:00 e 11:30 – 13:30
Lugar: Unidade Asistencial de Drogodependencias ALBORADA, Rúa Isaac Peral nº 6, Vigo
Docente: Dolores Mosquera Barral y José Ignacio Vázquez Rodríguez

SESIÓN 5 – Sobre a avaliación e a rehabilitación neuropsicolóxica: luces e sombras

Data: 25/10/18 - Horario: 16:00 – 18:00 e 18:30 – 20:30
Lugar: Unidade Asistencial de Drogodependencias CEDRO, Pintor Colmeiro nº 9, Vigo
Docente: Javier Tirapu Ustarroz

SESIÓN 6 - Outros perfís TP: Esquizoide e Narcisista

Data: 27/11/18 - Horario: 09:00 – 11:00 e 11:30 – 13:30
Lugar: Centro Municipal de Servizos Sociais de Coia, sala multiusos. Rúa Quintela nº 31, Vigo
Docente: Dolores Mosquera Barral y José Ignacio Vázquez Rodríguez

INSCRICIÓN

Gratuita, limitada a 25 prazas

Pode realizarse para todo o curso ou para sesións concretas (se prazas libres)

Remitir datos da folia de inscrición a: plda@vigo.org - 986 27 60 08

Data límite: 27 abril 2018

DOCENTES

José María Villagrán Moreno. Licenciado en Medicina pola Universidade de Cádiz e Doutor pola Universidade de Córdoba cunha tese sobre o proceso de remisión das condutas psicóticas. Experto en Bioética pola Universidade de Granada. Especialista en Psiquiatría desde 1987, con formación pregrado no Departamento de Psiquiatría da Facultade de Medicina de Córdoba, baixo a dirección do Profesor Carlos Castilla del Pino. Estudos postgraduados na Universidade de Cambridge, Reino Unido, co Profesor German E. Berrios en 1993-4, 1999 e 2000-1. Desde 1995, coordinador da Unidade de Hospitalización Psiquiátrica da Unidade de Xestión Clínica de Saúde Mental do Hospital de Jerez de la Frontera, Cádiz. Acreditado pola Axencia de Calidade Sanitaria de Andalucía (ACSA) no seu Programa de Acreditación de Competencias Profesionais de Psiquiatría con Acreditación de Nivel Excelente e como Profesor Contratado Doutor con Vinculación Clínica ao Sistema Sanitario Público Andaluz (SSPA) pola Axencia Andaluza do Coñecemento. As súas principais áreas de interese foron a epistemoloxía e filosofía da psiquiatría, a psicopatoloxía descritiva e a psicofarmacoloxía clínica, sobre as que versan a maioría das súas publicacións. Membro vocal do Comité Coordinador de Ética da Investigación Biomédica de Andalucía (CCEIBA) desde Marzo de 2011. Desde 2014 leva a cabo, como investigador principal, un proxecto de investigación sobre a aplicación da toma de decisión compartida con pacientes esquizofrénicos (Estudo DECIDE), financiado pola Junta de Andalucía.

Dolores Mosquera Barral. Psicóloga e psicoterapeuta. Experta en Trastornos da Personalidade, trauma complexo e Disociación. Máster en Psicoloxía Clínica. Clínico e Supervisor EMDR. Formación en Terapia de esquemas. Terapeuta certificada en Terapia Sensoriomotriz. Instituto de Investigación e Tratamiento do Trauma e os Trastornos da Personalidade (INTRA-TP). A Coruña

Javier Tirapu Ustarroz. Psicólogo clínico e neuropsicólogo clínico. Director científico da Fundación Argibide para a promoción da saúde mental. Impartiu máis de 500 conferencias, relatorios e cursos de divulgación sobre temas de neurociencia. Conta con máis de 240 publicacións e 8 libros relacionados coa neuropsicoloxía. Director da área de neuropsicoloxía de revista de neuroloxía. Profesor en 14 máster sobre neuropsicoloxía e neuroloxía conductual en España. Co-director do máster sobre neuropsicoloxía da Universidade Pablo de Olavide e do máster sobre trastornos do Espectro Autista. Coautor do documento de consenso sobre adicións e neurociencia da Sociedade Española de Toxicomanías. Consultor experto para o plan de demencias da Generalitat de Cataluña. Premio Nacional de Neurociencia Clínica outorgado polo Consorcio Nacional de Neuropsicoloxía en 2012. Os seus estudos centráronse preferentemente na neuropsicoloxía do córtex prefrontal e aspectos como a intelixencia, a conciencia, as funcións executivas, as emocións e o cerebro social.

José Ignacio Vázquez Rodríguez. Psicólogo Sanitario, experto en adicións e patoloxía dual. Centros de Psicoloxía INTRA-TP. A Coruña

2018 - CURSO DE ACTUALIZACIÓN SOBRE INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA EN ADICCIÓNS

FOLLA DE INSCRICIÓN

Nome:
Apelidos:
DNI:
Profesión:
Entidade de traballo:
Localidade:
Teléfono:
E-mail:

A inscrición pode realizarse en 2 modalidades:

Curso completo

Certificado si asistencia superior ao 80%

Sesións concretas (indicar cáles)

Facilitarase xustificante de asistencia

1 - 2 - 3 - 4 - 5 - 6

As persoas interesadas en participar na actividade poderán inscribirse facilitando os datos solicitados nesta folla de inscrición, polos seguintes medios:

Correo-e: plda@vigo.org
Teléfono: 986 27 60 08

Datas límites

Curso completo: 27 abril 2018
Sesións concretas: día laborable anterior á sesión

Autorizo ao Concello de Vigo para que incorpore a un ficheiro da súa propiedade os datos persoais facilitados neste documento coa finalidade de manterme informado/a sobre o desenvolvemento dos eventos relacionados con esta xornada e outros de interese no ámbito do PLDA. Para acceder á información que lle concerne, rectificala, cancelala ou opoñerse ao seu tratamento informatizado, pode facelo enviando un correo electrónico a plda@vigo.org ou dirixindo un escrito á Oficina do Plan Local de Drogodependencias e outras Adicciós do Concello de Vigo, c / Quintela 31, 36209 Vigo..

Sinatura: